



ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 3 DE ABRIL DE 2020.

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

CARMELA PRIETO CAL

JESUS ROMERO CARRACELAS

AUSENTES:

Excusan a súa asistencia os concelleiros:

MANUEL PEREZ RIOLA

MAGDALENA PEREZ VILLAR

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

FRANCISCO JAVIER ZUNZUNEGUI VAZQUEZ

O día 3 de abril de 2020, sendo ás 17:35 horas, reúnense os membros da Xunta de Goberno Local arriba relacionados co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria, mediante medios electrónicos e telématicos (videoconferencia), de acordo coa convocatoria realizada pola Alcaldía-Presidencia ao abeiro do previsto no novo apartado 3 engadido ó artigo 46 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local pola Disposición final segunda do Real Decreto-lei 11/2020, do 31 de marzo, polo que se adoptan medidas urxentes complementarias no ámbito social e económico para facer fronte ó COVID-19, publicado no BOE nº 91 de 1 de abril de 2020.

Actúa como Secretaria a titular da Corporación, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto, así como do cumprimento dos restantes requisitos esixidos polo artigo 46.3 da Lei 7/1985 do 2 de abril para a válida realización das sesións por medios electrónicos e telemáticos.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DE DATA 13.03.2020

Acordos adoptados:

1. Aprobación da acta da sesión realizada en data 13.03.2020.

2. APROBAR A XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES A ENTIDADES E CLUBES DEPORTIVOS 2019



Acordos adoptados:

Primeiro.-Propor a Xunta de Goberno Local a aprobación a concesión das seguintes subvencións para investimentos de clubs e entidades deportivas de Cedeira para o exercicio 2019 a favor dos seguintes beneficiarios e polos seguintes importes:

	CLUB REMO CEDEIRA	CLUB NATACION CEDEIRA	CEDEIRA SD	DISCALZAS SD
TOTAL PUNTOS	116	130	132	75
PORCENTAXE según Bases	60,00%	70,00%	70,00%	35,00%
Importes gasto solicitado	12.613,10 €	10.000,00 €	7.000,00 €	1.906,22 €
%SOBRE GASTO	7.567,86 €	7.000,00 €	4.900,00 €	667,18 €
Importe a conceder	7.000,00 €	7.000,00 €	4.900,00 €	667,18 €

Segundo. Dispoñer con cargo aplicación 341/48900 do vixente orzamento os gastos anteriores polos importes de 7.000,00€, 7.000,00€, 4.900,00€ e 667,18€, respectivamente.

Terceiro. Comunicar as entidades e clubs solicitantes, o importe concedido a cada un deles, incluído o importe que teñen que xustificar (con gastos subvencionables conforme as bases) para obter o importe da subvención concedida.

Cuarto. Dar traslado a Intervención aos efectos oportunos.”

3. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 106/2020 DE DATA 26.02.2020 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO PARA ATENCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN 2020

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm.106/2020 de data 26.02.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA CONTRATACIÓN DUN TÉCNICO PARA ATENCIÓN DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN 2020

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

4. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 119/2015 DE DATA 02.03.2020 -APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO: "VISIBILIZACIÓN DA CALIDADE DIFERENCIAL DA PESCA DE BAIXURA E DO MARISQUEO EN CEDEIRA"

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm.119/2020 de data 02.03.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA



SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO: "VISIBILIZACIÓN DA CALIDADE DIFERENCIAL DA PESCA DE BAIXURA E DO MARISQUEO EN CEDEIRA"

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

5. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 147/2020 DE DATA 16.03.2020 - SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "ACTUACIÓNS DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DA FLORA VASCULAR AMEAZADA NA PUNTA SARRIDAL - CEDEIRA" PARA CONCELLOS INCLUIDOS NA REDE NATURA, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm.147/2020 de data 16.03.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: SOLICITUDE DE AXUDA PARA O PROXECTO "ACTUACIÓNS DE RECUPERACIÓN E CONSERVACIÓN DA FLORA VASCULAR AMEAZADA NA PUNTA SARRIDAL – CEDEIRA" PARA CONCELLOS INCLUIDOS NA REDE NATURA, DA CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

6. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 153/2020 DE DATA 20.03.2020 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2020

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm.153/2020 de data 20.03.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA O PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL 2020

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 160/2020 DE DATA 25.03.2020 - MODIFICACIÓN DO DECRETO NÚM. 119/2020 DE DATA 02/03/2020 POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO: "CEDEIXURA: VISIBILIZACIÓN DA CALIDADE DIFERENCIAL DA PESCA DE BAIXURA E DO MARISQUEO EN CEDEIRA"

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm.160/2020 de data 25.03.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: MODIFICACIÓN DO DECRETO Nº 119/2020 DE DATA 02/03/2020 POLO QUE SE APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A CONFRARÍA DE PESCADORES DE CEDEIRA, COA FINALIDADE DE SOLICITAR UNHA SUBVENCIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DO PROXECTO: "CEDEIXURA: VISIBILIZACIÓN DA CALIDADE DIFERENCIAL DA PESCA DE BAIXURA E DO MARISQUEO EN CEDEIRA"

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.



8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 171/2020 DE DATA 30.03.2020 - LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACIÓN DA CONCESIÓN SE SUBVENCÍONS PARA ACTIVIDADES A ENTIDADES E CLUB DEPORTIVOS 2019

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 171/2020 de data 30.03.2020, que di:

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA Asunto: LEVANTAMENTO DE REPARO E APROBACION DA CONCESION SE SUBVENCIONS PARA ACTIVIDADES A ENTIDADES E CLUB DEPORTIVOS 2019

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

9. ASUNTOS VARIOS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 17:42 horas do expresado día.